XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL
15 OUT. 2012
ENTRADA Nº 629
SAÍDA Nº

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
10 OUT. 2012
REXISTRO
SAÍDA N.º 4684

OFICIO

n/ref.: xrt

Asunto: envío de informe de impacto de xénero

Achégolle o informe de impacto de xénero emitido en relación ao "anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia".

Santiago de Compostela, 10 de outubro do 2012

A subdirectora xeral de Xestión

Técnico-administrativa e Orzamentaria

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Fe Alvedro Riveiro

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 13/2006, DO 27 DE DECEMBRO, DE HORARIOS COMERCIAIS DE GALICIA

A Secretaría Xeral da Igualdade, ao abeiro do previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo único, apartado 2 da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, emite o seguinte **informe de impacto de xénero**

PRIMEIRO. PERTINENCIA DO INFORME.

Segundo o disposto polo artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Este precepto establece a obrigatoriedade da análise previa ao debate parlamentario de calquera iniciativa lexislativa que leve a cabo o goberno galego, de forma que se valore o impacto por razón de xénero que poidan ter as medidas que se establezan na mesma. Deste xeito o informe de impacto de xénero constitúese como unha ferramenta para a intervención a favor da igualdade de oportunidades dende as políticas xerais, sendo unha forma de implantar e desenvolver a estratexia da transversalidade de xénero, cumprindo así tamén o establecido no artigo 6 da citada Lei 7/2004, onde se establece que "coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade co Estatuto de Autonomía".

O anteproxecto de Lei sobre o que se emite este informe ten por obxecto a modificación da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, sendo os cambios máis relevantes os seguintes:

- Ampliación do horario máximo de apertura a 90 horas semanais durante os días laborables (na actualidade o límite é de 78 horas).

- Ampliación do número máximo de domingos e festivos nos que está permitida a apertura dos establecementos comerciais (pásase a 10 días fronte aos 8 vixentes).

Dado o carácter das modificacións que se pretenden realizar na lexislación de comercio procede analizar neste informe o aspecto das implicacións na perspectiva de xénero.

SEGUNDO. INTEGRACIÓN DA DIMENSIÓN DE XÉNERO.

Tanto a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15), como a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, reiteran o mandato de integrar o principio de igualdade de xeito transversal en todas as áreas de actuación pública. Así se recolle no artigo 6 da citada Lei 7/2004, cando, en referencia ao principio de transversalidade, establece que a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades por razón de xénero na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade co Estatuto de Autonomía.

Xa centrándonos no caso que nos ocupa debe de terse en conta que, tal como se sinalou, as modificacións principais que se propoñen na lexislación son a ampliación do número máximo de horas de apertura en días laborais a 90 e do número de domingos e festivos a 10 anuais. A este respecto afírmase na exposición de motivos que con esta ampliación se incrementan as oportunidades de conciliación da vida familiar e laboral das persoas consumidoras. Débese considerar, non obstante, que este efecto vese matizado por canto os/as comerciantes autónomos/as e

DOCUMENTO XXXVI

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

tamén as persoas asalariadas por conta allea que traballan nos establecementos comerciais incrementarán en moitos casos a súa xornada laboral como consecuencia dun maior número de horas de apertura, aumentando en consecuencia as dificultades para estas persoas de conciliar a vida familiar e laboral.

Santiago de Compostela, 10 de outubro do 2012

O secretario xeral da Presidencia

(PS Orde do d4.09.2012)

XUNTA DE GALICIA · PRESIDENCIA · SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Valeriano Martínez García